

## ALOXAMENTO EN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO (VIGO) FESTICLOWN 2010

A organización do **FESTICLOWN 2010** e o Excmo. Concello de Vigo pon ao voso dispór un pavillón para o aloxamento das persoas abaixo establecidas e coas seguintes condicións e normas:

**A.-** Poderán utilizar este espazo :

Os/as alumnos/as admitidos/as nos cursos do programa formativo **Formaclown 2010** e os/as artistas que participen nalgunha das Clownvocatorias Artísticas 2010

**B.-** Os horarios nos que o espazo permanecerá aberto son os seguintes :

\*Domingo 25/07: de 21.00 h a 24.00 h

\*De luns 26/07 a sábado 31/07: de 09.00 a 11.00 h, de 14.30 a 16.30 h, de 20.30 a 22.00 h e de 24.00 a 03.00 h. O sábado 31/07 haberá horario nocturno excepcional de 24.00 a 05.00 h.

\*Domingo 01/08: de 09.00 a 11.00 h, de 14.30 a 16.30 h e de 20.30 a 24.00 h.

\*Luns 02/08: estará aberto desde as 09.00 ata as 12.00 h.

**C.-** A Organización de **FESTICLOWN 2010** e o Excmo. Concello de Vigo non se farán cargo da desaparición ou roubo das pertenzas persoais que se deixen no recinto, nin dos posibles danos ou accidentes que se produzan no pavillón.

**D.-** No momento de ingreso ao pavillón entregarase a cada persoa un pase de entrada persoal e intransferíbel. Deberase presentar unha foto tamaño carné neste momento. Todas as persoas que durman neste espazo comprométese a empregar o pase de entrada para o acceso ao recinto, ademais de non facilita-lo acceso ás persoas que non teñan praza no mesmo.

**E.-** Toda persoa que estea aloxada neste espazo comprométese a non molestar ao resto de persoas aloxadas no recinto e a cumprir estritamente as normas específicas do recinto, que estarán indicadas na entrada e en diversos puntos do pavillón.

**F.-** A Organización do **FESTICLOWN 2010** e o Excmo. Concello de Vigo non porán nin facilitarán ningún tipo de colchoneta, colchón, mantas ou outros ás persoas aloxadas para poder durmir no Pavillón.

A persoa abaixo asinante comprométese a cumprir as normas e horarios establecidos pola organización, ademais de respectar e manter limpo o espazo durante a súa estancia.

A organización resérvase a posibilidade de tomar decisións en caso de falta de cumprimento dalgunha destas normas.

**NOME e APELIDOS:**

**NIF / PASAPORTE:**

**ENDEREZO:**

**TELÉF. CONTACTO:**

Asdo.

(Imprescindible asinar)

\* Enviar cuberto a calquera dos seguintes enderezos:

**FAX:** 981 575 699

**E – mail:** [info@festiclown.org](mailto:info@festiclown.org)